

Guía sobre as probas de acceso a 1º Curso de Grao Profesional ¹

Curso 2020/21

- **DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS**

As probas desenvolveranse con carácter xeral mediante a modalidade non presencial. Unicamente se realizarán de xeito presencial nas especialidades nas que o número de aspirantes sexa superior ao número de prazas vacantes ofertadas ou no caso en que, pola tipoloxía dos instrumentos ou ás características específicas da proba, así se determine.

Para todas as especialidades, agás para a de Canto, as probas constarán de dous exercicios, que teñen carácter eliminatorio e que consisten en:

- A) Interpretación, no instrumento da especialidade á que opte, de **TRES** obras pertencentes a distintos estilos. Non será necesario que se interprete ningunha de memoria.
- B) Execución dun exercicio conxunto de carácter práctico de entoación e lectura para avaliar a capacidade auditiva dos aspirantes. Este exercicio será igual para todos os candidatos das distintas especialidades e farase público o día 18 de xuño na páxina web do centro.

No caso da especialidade de Canto, as probas constarán de dous exercicios, que teñen carácter eliminatorio e que consisten en:

- A) Interpretación de **TRES** obras de diferentes estilos, libremente elixidas pola persoa aspirante, das cales unha será de repertorio lírico.
- B) Execución dun exercicio conxunto de carácter práctico de entoación e lectura para avaliar a capacidade auditiva dos aspirantes. Este exercicio será igual para todos os candidatos das distintas especialidades e farase público o día 18 de xuño na páxina web do centro.

Na modalidade non presencial o alumnado deberá enviar ao centro gravacións de vídeo das distintas obras que presente e o exercicio de entoación e lectura nas datas e seguindo as instrucións que para tal fin se publiquen o 18 de xuño na web do centro.

Na modalidade presencial os aspirantes serán convocados para a realización da parte A e B da proba nun único día. Dita convocatoria, así coma as medidas de seguridade e hixiene que todos os aspirantes deberán seguir por mor do COVID-19, publicárase o 18 de xuño na web do centro.

En ámbolos dous casos as datas de realización das probas será do 22 ao 25 de xuño.

Para superar a proba compre ter unha cualificación mínima de cinco puntos sobre dez en cada un dos exercicios. A puntuación definitiva será a media ponderada da cualificación obtida nos dous exercicios, coas seguintes porcentaxes: 70% o exercicio A e 30 % o exercicio B.

¹ **Lexislación aplicable:** Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música. Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Resolución do 29 de maio de 2020 da Dirección Xeral de Educación, F. P. e Innovación Educativa sobre as probas de acceso ao curso 2020/21 nos graos elemental e profesional das ensinanzas de música e de danza.

- SUPERACIÓN DA PROBA E OBTENCIÓN DE PRAZA

Se o número de solicitantes é superior ao de prazas ofertadas, a adxudicación destas realizarase por orde de puntuación na proba de acceso e, de ser igual a cualificación, desempatarase pola puntuación obtida na parte A.

- OBSERVACIÓNS

As probas non se poderán realizar con músicos acompañantes, nin sequera naquelas obras que o requiran.

Na modalidade presencial os aspirantes deberán presentarse para a realización da proba provistos do DNI e do resguardo da inscrición.

Os alumnos deberán aportar as partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal.

- CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os contidos e criterios de avaliación das probas pódense consultar nas programacións didácticas das materias que están a disposición do alumnado na páxina web do centro.